

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de novembro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e vinte minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno, por delegación a Secretaria Xeral do Pleno, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1697).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1698).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE EQUIPAMENTO DE ACTIVIDADES MUSICAIS NO PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES. EXPTE. 2574/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 25.11.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa C.ALDASA, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de construción de equipamento de actividades musicais no parque tecnolóxico de Valadares (expediente 2574-336) por un prezo total de 1.437.228,39 euros IVE incluído (a cota correspondente ó IVE é de 198.238,40 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 2,3 % pasando do 0,2% fixado nas follas de características do contrato ó 2,5 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 5 anos respecto do prazo de 1 ano fixado nas follas de características do contrato, co que o prazo total de garantía é de 6 anos.
- Destina a cantidade de 112.905, 00 euros á execución da totalidade das melloras o proxecto relacionadas nas follas de características do contrato.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-09-2009 e a oferta presentada.

3(1699).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ EXPTE. 59194/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 25.11.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á Unión Temporal de empresas formada por HIDROMIÑO, S.L., e HIDOESTRUCTURAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización da rúa Manuel Álvarez (expediente 59194-250) por un prezo total de 3.799.610,16 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta melloras por un importe de 834.162,74 euros IVE incluído
- Aporta como persoal contratado en situación legal de desemprego, dentro do incremento de persoal sobre o mínimo esixido durante a execución da obra: 5 persoas
- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 5 persoas. A relación dos postos incrementados é a seguinte:
 - 1 oficial de 1ª.
 - 1 oficial de 2ª.
 - 3 peóns.
- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas do contrato ó 4 %.

- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-09-2009 e a oferta presentada.

4(1700).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 59127/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 25.11.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa EIRIÑA, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Escultor Gregorio Fernández. (expediente 59127-250) por un prezo total de 1.002.119,31 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta melloras por un importe de 158.828,08 €.
- Aporta como persoal contratado en situación legal de desemprego, dentro do incremento de persoal sobre o mínimo esixido durante a execución da obra: 4 persoas
- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4 persoas. A relación dos postos incrementados é a seguinte:
 - 1 oficial de 2º.
 - 3 peóns.
- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas do contrato ó 4 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-09-2009 e a oferta presentada.

5(1701).- AUTORIZACIÓN DE PROVISIÓN DE MATERIAS PARA A URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ. EXPTE. 160/440.

A Xunta de Goberno local retira este punto da orde do día.

6(1702).- AUTORIZACIÓN DE PROVISIÓN DE MATERIAS PARA A URBANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 161/440.

A Xunta de Goberno local retira este punto da orde do día.

7(1703).- NOMEAMENTO DOS ARQUITECTOS MUNICIPAIS PARA A DIRECCIÓN DE OBRA E A COORDINACIÓN EN MATERIA DE SAÚDE E SEGURIDADE DA OBRA “EQUIPAMENTO DE ACTIVIDADES MUSICAIS NO PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES” E AUTORIZACIÓN Á EMPRESA ADXUDICATARIA PARA A PERCEPCIÓN DE ABOAMENTOS A CONTA POR MATERIAIS AMOREADOS.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe da xefa do Servizo de Xuventude, do 26.11.09, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, no que se propón o seguinte:

1. *“Nomear ós Arquitectos Municipal D.Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal coma encargados da dirección das obras de construción de equipamento de actividades musicais no parque tecnolóxico de Valadares .*
2. *Nomear a o Arquitecto Municipal D.Juan Luis Piñeiro Ferradás coma coordinador en materia de Seguridade e Saúde perante a execución da obra.*
3. *Autorizar a realización de acopios e a presentación da correspondente certificación á empresa adxudicataria C.ALDASA, S.L.U.por importe de 351.000 €”*

A Xunta de Goberno local deixa pendente o terceiro punto, coa finalidade de tratalo na vindeira sesión que se celebre, e adopta o seguinte ACORDO:

1º.- “Nomear ós Arquitectos Municipal D.Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal coma encargados da dirección das obras de construción de equipamento de actividades musicais no parque tecnolóxico de Valadares .

2º.- Nomear a o Arquitecto Municipal D.Juan Luis Piñeiro Ferradás coma coordinador en materia de Seguridade e Saúde perante a execución da obra.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.